

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓN

EXPEDIENTE: <u>LU96505:1</u>
SITUACIÓN: <u>RAFAEL FERNANDEZ CARDOSO, 22-1ºA - RIBADEO</u>

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 06 de xullo de 2016 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU96505:1, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Don CAMILO SIERRA GAYOL (nº de credencial 77207). presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, o xefe territorial.

ACORDA:

Declarar directamente adquirentes a don CAMILO SIERRA GAYOL e dona ANA BELÉN BARREIRO CHOUSA (nº credencial 77207).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 14 de novembro de 2016.

O xefe territorial

Carlos Vila Pérez